

# A UVigo forma a 1.000 rapaces para ser “consumidores responsables” de alimentos

A iniciativa científica rematou o seu percorrido por oito centros educativos da provincia

REDACCIÓN  
OURENSE

Este curso académico desenvólvese desde a Facultade de Ciencias do campus de Ourense un proxecto con financiamento estatal destinado a formar como consumidores responsables a rapaces e rapazas de Educación Primaria e Secundaria. A iniciativa acaba de rematar o seu percorrido por oito centros educativos da provincia, percorrido no que levou a cabo talleres prácticos

que permitiron a arredor de 850 nenos e nenas aprender a comprender a información nutricional das etiquetaxe dos alimentos procesados que consumen habitualmente.

A iniciativa ‘Aprendendo a ler o que como’, formando consumidores responsables desde a aula conta con financiamento da convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e de innovación da Fundación para a Ciencia e a Tecnoloxía, FEYT e está desenvolvida por un grupo de sete docentes do Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos do campus de Ourense pertencentes ao grupo de investigación Food and Health Omics e ao Grupo de Innovación Docente en Educación Alimentaria Aliméntate con Ciencia e Conciencia. O obxectivo do proxecto, coordinado pola profesora Beatriz Cancho é que o alumnado adquira habilidades que lles permitan elixir mellor os alimentos que consumen e ter unha alimentación máis saudable que repercute positivamente na súa saúde presente e futura, coa idea ademais de que este alumnado actuará como vector de transmisión da información recibida á súa contorna familiar e social.

